

---

## ESTRELA DO NORTE

Texto de **LUÍS REI NÚÑEZ**

Ilustracións de **FERNANDO BABÍO**

---

Encadernación rústica, sobrecuberta. 15 x 23,5 cm. 120 páx. 12 €.

ISBN 978-84-15250-70-8. Factoría K de Libros. Tambo.

*Invoquemos aquela rosa en brasas,  
o recendo incendiado da lascivia,  
o vañar na dondeza sen palabras.*

*Invoquemos a estrea nas caricias:  
bolboretas de luz dentro da noite,  
guieiros no camiño á marabilla.*


*Celebremos a lentura de bosque  
que agardaba en ti polo segredo  
de quen pasou a terte como norte...*

(Fragmento do poema "Dous")

Os poemas deste libro transitan entre a tradición,  
sempre de dobre raíz, culta e popular, e a contemporaneidade,  
un espazo por definición fuxidío.

Son poemas empeñados, asemade, en chegar  
a necesaria música á pescuda das emocións, e vano facer  
botando man de recursos como a métrica e a rima;  
é dicir, acolléndose coa confianza dun artesán  
á protección dos límites.

O resultado é unha poesía de estirpe deliberadamente  
figurativa. Á fin, ademais de álbum e partitura, este libro  
quere ser o mapa para un camiño que ten como norte  
o corazón de cada quen: esa estrela.



---

■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** outros títulos da colección Tambo: "Os ángulos da brasa" (Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio da Crítica Española 2012, Premio de Poesía da Asociación de Escritores en Lingua Galega 2012 e Premio Nacional de Poesía 2013) e "Onde nunca é mañá", de Manuel Álvarez Torneiro; "Alén da fronteira" (Premio Lois Tobío de Tradución 2012), que recompila a obra de sete poetas vascos; "Tríptico", de Antoni Marí; "Espirale de sombras", de Xavier Seoane.

---

### Luís Rei Núñez

(A Coruña, 1958)

Desde a súa estrea literaria, en 1982 con "Para matar ao tempo", mantense fiel ao xénero poético, con obras como "Arca dos faiados" (1985), "A rolda invisible" (1988) e "A casa da brétema" (1994), reunidas logo nun único tomo: "A rolda invisible" (2000). Posteriormente saíu "Alma mareira" (2003). Ademais, é autor dunha extensa obra narrativa que inclúe títulos como "Expediente Artieda" (2000), "Toda a vida" (2005), "O señor Ligrís e a negra sombra" (2007), "Monte Louro" (2009), "Cita en Fisterra" (2011) e "Días que non foron" (2013), aos que hai que engadir a biografía de Rafael Dieste "A travesía dun século" (1987) e o volume de ensaios "Poetas Andantes Navegantes" (1995). Recibiu os premios Xerais, Blanco Amor e da Crítica Española, entre outras distincións.

---